

(pp. 77-89) e nel Roberto Pascual explica os cometidos destes dous oficios e enmarca a figura de Vidal Bolaño no ámbito da escenografía. Ao igual que acontecía no capítulo precedente, o autor propón aquí unha dualidade baseándose na consideración do crítico Henrique Rabuñal, quen definiu a Vidal Bolaño como o arquitecto e peón do teatro galego. Como expón Roberto Pascual, “o arquitecto debe idear os lugares nos cales van a habitar ou desenvolver as súas actividades unha serie de persoas cunhas necesidades exclusivas e ten que integrar esa nova construción nun contexto determinado” (p. 78), mentres que o peón é “un escritor a pé de obra, un analista da evolución da montaxe, un estratega e moldeador da forma con que a idea se vai ofrecer á vista e ao ouvido do espectador” (*ibid.*). Tras esta realidade bipartita, Roberto Pascual realiza un percorrido por algunhas das obras máis recoñecidas de Vidal Bolaño e destaca nelas os elementos caracterizadores, xa sexan os recursos lumínicos como en *Días sen gloria* (1992) e *Animaliños* (2002), ou a maquillaxe grotesca de *Laudamuco, señor de ningures*. Finalmente, tras explicar minuciosamente en que consiste o traballo do director e do escenógrafo, Roberto Pascual reflexiona sobre a complexidade da posta en escena e destaca de Roberto Vidal Bolaño a absoluta solemnidade coa que exercía o seu oficio.

O cuarto e último capítulo desta obra ten como título “O oficio da crítica” (pp. 89-94) e nel Roberto Pascual describe a pegada crítica de Vidal Bolaño no ámbito da xornalística. Así mesmo, o autor explica que “a crítica cumpre varios papeis relevantes como elemento mediador entre os emisores e os receptores ou potenciais asistentes ás obras teatrais” (p. 89). A finalidade primeira da obra de Roberto Vidal Bolaño era entreter, moi entroncado co principio brechtiano de pracer a través do acceso e da ampliación do coñecemento. Por outra banda, Roberto Pascual reflexiona sobre a recepción da obra de Vidal Bolaño e afirma que a súa dramaturxia pode ser extrapolada ós contextos máis actuais. Finalmente, o autor sinala a faceta de espectador de Bolaño, que será determinante para a creación dunha dramaturxia propia e inigualable, e manifesta que “unha boa crítica sempre gañará interese para o lector” (p. 92),

polo que é necesario que o autor extraia do seu maxín todas as súas estratexias para innovar un novo teatro en lingua galega. Como expoñiamos anteriormente, tras a escolma de textos de *Ledañas pola morte do meco*, *Criaturas*, *A burla do galo*, *Doentes*, *Animaliños* e a presentación diacrónica das obras de Vidal Bolaño, finalmente cae o pano.

En *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro*, Roberto Pascual realiza un percorrido pola traxectoria de Vidal Bolaño reflexionando de forma madura e profunda sobre a biografía e a obra do compostelán e o que esta supuxo na modernización do teatro galego dos últimos anos da ditadura ata a actualidade. Para a creación deste estudo o autor non se basea nunha extensa bibliografía que sustente a súa proposta, senón que unicamente toma un pequeno feixe de obras como referencia e é quen de elaborar unha revisión de inxente calidade literaria e documental propia dun experto na materia. Por todo isto, consideramos que esta obra merece un total recoñecemento dentro da nómina crítica sobre Vidal Bolaño. Ademais de destacar o dominio lingüístico maxistral que constatamos nestas páxinas, queremos outorgarlle os máis sinceros parabéns ó autor por contribuír con este estudo a que a morte non eclipse xamais o sol que nos proporcionou Abrente.

Laura PIÑEIRO PAIS

PENA PRESAS, Montse e ENRÍQUEZ VELOSO, Gonzalo (2013): *Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño*. Vigo: Galaxia, 76 pp.

Co gallo do Día das Letras Galegas de 2013, dedicado a Roberto Vidal Bolaño, agromaron un gran número de textos que compendiaron vida e obra do escritor compostelán. Entre esas creacións destacamos a obra de Montse Pena: *Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño*, publicada por Galaxia. Este texto preséntanos unha realidade dual, xa que nel conflúen o documental de Gonzalo Enríquez Veloso e a obra ensaística de Montse Pena Presas. Neste caso centrarémonos na análise do texto escrito para elaborar esta recensión.

Montse Pena é doutora en Teoría da literatura e Literatura Comparada na USC, onde imparte clases no Departamento de Didáctica da Lingua e Ciencias Sociais. A súa liña de investigación é a da literatura infantil e xuvenil galega. Seguindo este vieiro coordinou xunto a Pilar Sampredo a obra *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria. II* (2010). Ademais do seu labor docente, Montse realiza traballos de crítica literaria en diferentes eidos, como en revistas e xornais.

A obra de Montse Pena Presas consta de 73 páxinas que ispen a alma de Vidal Bolaño a través de imaxes evocadoras das súas representacións e das súas innumerables facetas de cara ó teatro. O ensaio comeza cun adro, unha síntese na que a autora expón as pretensións da obra e os agradecementos. Tras este preámbulo comezan os sete capítulos nos que se compón o ensaio.

“Antes” ínstanos a experimentar esa sensación de calafrío que o teatro lle proporcionou a Vidal Bolaño dende a súa idade máis temperá. Este capítulo sitúanos no barrio de Vista Alegre de Santiago de Compostela, onde o noso autor nace e comeza a desenvolver a súa andaina teatral nas Xuventudes Obreiras de Acción Católica. Bebendo das fontes que lle proporcionaron Cunqueiro, Otero Pedrayo e Valle-Inclán e quebrada esa primeira ilusión cinematográfica, funda en 1971 o Equipo Lupa xunto a Euloxio R. Ruibal e Félix Casado. Este grupo tiña como principal fundamento o de “desenvolver os alicerces dun cinema galego” (p. 18). Pero si hai algo que suscita interese neste “Antes” son esas múltiples facetas de Vidal Bolaño de cara ó teatro, que terán como consecuencia a creación do Grupo Antroido en 1974.

“O nariz de pallaso” supón o esclarecemento desa indumentaria tan característica de Vidal Bolaño. Existen varias opinións ó respecto que Montse Pena recolle para abrir este segundo capítulo. O proxecto do Teatro Antroido volveuse cada vez máis ambicioso e pretendía conformar xa de forma contundente unha bibliografía sólida de teatro en galego. Sen dúbida a aparición das Mostras de Teatro de Ribadavia supuxo o pulo definitivo para este proxecto insaciable de renovación da dramaturxia galega. A Asociación Cultural Abrente (1975) reactivou o teatro

galego fundamentalmente en dous vieiros, así como expón Montse Pena: por unha banda o do teatro popular, que asenta as súas bases na tradición e un teatro vangardista que innova e rompe con esa tradición do teatro galego anterior. Vidal Bolaño, xunto a Euloxio Ruibal e Manuel Lourenzo, xorde como primeiro dramaturgo propiamente dito. Da man deses primeiros dramaturgos agroman os alicerces do que serán os premios de teatro de arestora. Vidal Bolaño é proclamado gañador do Premio Abrente en 1976 con *Laudamuco, señor de ningures* e en 1980 con *Bailadela da morte ditosa*.

“A paréntese” revélanos o período temporal de volatilización de Vidal Bolaño dos teatros. En 1984 nace o Centro Dramático Galego, dirixido por el mesmo. Tras a decepción que supuxo a representación de *Agasallo de sombras*, que presentaba unha Rosalía que rompía os moldes canónicos, Vidal Bolaño entra nun estado de crise contra o órgano do poder que culminará, como Montse Pena explica, no momento en que “é vetado por parte do conselleiro de Educación daquel momento, Vázquez Portomeñe, para participar como actor na montaxe que a compañía institucional estaba preparando sobre *Follas novas*” (p.36). Tras este episodio, Vidal Bolaño encarniza unha loita implacable contra o poder, o único obstáculo da liberdade creadora. Durante estes seis anos de digresión da súa actividade teatral, Vidal Bolaño céntrase na súa carreira interpretativa realizando traballos para a televisión e o cine, aínda que non abandona completamente o seu percorrido teatral. Regresa ó epicentro da dramaturxia galega da man de Damián Villalaín cando este é nomeado director do Centro Dramático Galego.

“O chapeu negro”, o outro elemento identificador da figura de Vidal Bolaño, xorde máis tarde que o nariz, así como expón Montse Pena nesta cuarta sección. Maníféstase polo amor que lle proferiu a unha actriz que morrería de socato pouco despois. En 1991 con *Saxo Tenor*, o autor recuperárase definitivamente da paréntese de outrora. As críticas e esa “feitura cinematográfica” propiciaron o florecemento doutras pezas como a triloxía *¡Anxeliños!*, *Criaturas* e *Animaliños*. Vidal Bolaño funda a compañía Teatro de aquí xunto a Belén Quintáns. Neste período nacen pezas como *Días sen gloria*, un texto que

Montse Pena caracteriza como un “*western lazarllesco e quixotesco*” (pp. 44-45) que deixa entrever esa pretensión por parte do autor de realizar un teatro realista co que os galegos se puidesen identificar. O Teatro do Aquí obtivo grande éxito coa representación das obras de Vidal Bolaño da liña do “neorrealismo e pegada social aguda” como *Doentes*, *Mar Revolto* ou *Rastros*.

“Un nariz e máis un chapeu” é a síntese perfecta de todo o exposto anteriormente. Neste capítulo, a autora compendia toda a nómina de Roberto Vidal Bolaño e explica que estas obras “responden a dúas liñas ben marcadas”, a “dúas vertentes que non se contradín, senón que se complementan” (pp. 53-54). Montse Pena suxire tomar un calidoscopio para comprender a complexidade da obra de Vidal Bolaño. Eses fragmentos de vidro do calidoscopio correspóndense, segundo a autora, coas grandes claves da súa dramática, que enuncia de forma destacada. Finalmente, tras tocar todas as teclas dunha melodía que nace aló polos 50, Montse Pena afirma que “para coñecer en profundidade a obra de Roberto Vidal Bolaño, o mellor que se pode facer é deixar o calidoscopio e coller un texto seu ou asistir á representación dunha das súas pezas” (p. 62).

“Despois” supón os derradeiros folgos dunha obra que morre e un autor que perece. Vidal Bolaño fina en 2002 a causa dun cancro de pulmón. Tras o seu enterro, Montse Pena facendo gala dunha sensibilidade maxestosa, explica que “sobre o seu ataúde descansaban un chapeu negro e un nariz de pallaso que indicaban que alí estaba o cómico. E despois (...) a súa obra, a que aínda nos fai sentir o calafrío” (p. 64).

“O que ficou: a obra dramática de Roberto Vidal Bolaño” é un compendio das obras de Vidal Bolaño dende os comezos do seu percorrido pola dramaturxia galega ata a fin dos seus días.

A autora fundaméntase nunha extensa bibliografía para a creación deste ensaio, que se contrapón coa tímida extensión do mesmo. Ademais do percorrido pola figura de Roberto Vidal Bolaño, Montse Pena documéntase de todos os elementos que compoñen a atmosfera en torno a que xiraba o compostelán, xa sexan os abundantes colectivos ós que pertenceu, coma as figuras que participaron na súa andaina teatral. Por todo

o exposto con anterioridade consideramos que, tanto o texto de Montse Pena como o documental feito por Gonzalo Enríquez Veloso, supoñen a revisión definitiva da vida e da nómina dramática de Roberto Vidal Bolaño, xa que esta obra está asentada en base a eses dous eidos ós que faciamos referencia ó comezo: o audiovisual e o literario. Ademais de destacar a absoluta sensibilidade no tratamento dos temas e o dominio que agroman destes textos, queremos darlle os parabéns ós autores por contribuíren con esta obra a que a presenza de Vidal Bolaño permanece no imaxinario colectivo galego, ao modo de Álvaro Cunqueiro, “mil primaveras máis”.

Laura PIÑEIRO PAIS

PÉREZ RODRÍGUEZ, LUIS (2011): *O pórtico poético dos Seis Poemas Galegos de F. García Lorca*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 406 pp.

Estamos ante un volume que recolle un importante e moi detallado traballo de investigación dos poemas galegos de Lorca, ademais dunha análise minuciosa do que rodeou ao poeta na súa entrada no mundo da lingua e cultura galega. Luis Pérez Rodríguez, licenciado en Filosofía e Letras, Filoloxía Románica e Dereito, gran especialista na obra de Blanco-Amor, é o autor deste magnífico volume, que xa foi publicado por vez primeira no ano 1995. O exemplar que temos hoxe entre as mans é a terceira edición, reimpresión da segunda de 1998, que xa fora corrixida e aumentada.

Tras a “Nota á Terceira Edición”, transcríbese o “Prólogo”, escrito por Carlos Martínez-Barbeito na Coruña en 1996. Neste relátase como o autor deste volume apareceu na casa de Martínez-Barbeito para falar con el da súa relación con Lorca e para poder ter acceso a libros firmados polo poeta granadino e a cartas intercambiadas entre eles e outros amigos e intelectuais. Algúns destes pequenos tesouros de Martínez-Barbeito, xa non só as súas palabras, van ser reproducidos na obra.

“Queremos insistir na lembranza dos *Seis Poemas Galegos*, intenso pórtico poético, románico e moderno, para a nosa poesía e lembrar, brevemente, aquela Galicia que el transitou nas